



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARANGA

Secretaría - Intervención

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da produción e xestión de residuos de competencia municipal do Concello de Aranga

ANUNCIO

Por non presentarse reclamacións durante o período de información pública, elévase a definitivo o acordo municipal do día 30 de outubro de 2025, aprobando a Ordenanza Municipal reguladora da Producción e Xestión de Residuos de Competencia Municipal no Concello de Aranga, entrando en vigor segundo o establecido na lei reguladora das bases do rexime local.

ORDENANZA REGULADORA DA PRODUCCIÓN E XESTÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL NO CONCELLO DE ARANGA.-

CONTIDO

CONTEXTUALIZACIÓN

CONTROL DE VERSIONS

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

Artigo 3.- Competencias

Artigo 4.- Prestación do servizo

Artigo 5.- Atención aos valores do patrimonio natural

Artigo 6.- Réxime xurídico

Artigo 7.- Definicións

Artigo 8.- Posesión dos residuos

Artigo 9.- Responsabilidade

Artigo 10.- Dereitos dos usuarios do servizo municipal de residuos

Artigo 11.- Obrigas dos usuarios do servizo municipal de xestión de residuos

Artigo 12.- Obrigas dos produtores de residuos comerciais non perigosos que opten pola xestión externa dos seus residuos

Artigo 13.- Obrigas do servizo municipal de xestión de residuos

Artigo 14.- Protección de datos persoais

TITULO II.- XESTIÓN DOS RESIDUOS

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 15.- Modalidades de servizo

Artigo 16.- Regulacións comúns a todas as modalidades de servizo

Artigo 17.- Estrutura xeral de segregación de residuos

CAPÍTULO II.- REGULACIÓN DOS SERVIZOS CONVENCIONAIS E EXTRAORDINARIOS DE RECOLLIDA E XESTIÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL

Artigo 18.- Regulacións específicas da recollida convencional en contedor de uso colectivo en vía pública

Artigo 19.- Regulacións específicas da xestión de biorresiduos mediante compostaxe doméstica

Artigo 20.- Regulacións xerais relativas a outras modalidades de recollida convencional que poidan implantarse

Artigo 21.- Punto limpo

Artigo 22.- Punto limpo móbil

Artigo 23.- Recollida extraordinaria de voluminosos

Artigo 24.- Xeración e recollida de residuos en eventos públicos

Artigo 25.- Xestión de animais domésticos mortos

Artigo 26.- Retirada de vehículos abandonados

TITULO III. VIXILANCIA, INSPECCIÓN, CONTROL E POTESTADE SANCIONADORA

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS SOBRE O PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 27.- Vixilancia e inspección

Artigo 28.- Responsabilidade

Artigo 29.- Deber de colaboración

Artigo 30.- Execución subsidiaria

Artigo 31.- Obriga de reposición

Artigo 32.- Multas coercitivas

CAPÍTULO II.- RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 33.- Infraccións

Artigo 34.- Sancións

Artigo 35.- Prescrición de infraccións e sancións

Artigo 36.- Responsabilidade

CAPÍTULO III.-PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 37.- Normativa aplicable ao procedemento

Artigo 38.- Competencia e procedemento sancionador

Artigo 39.- Execución forzosa das sancións

DISPOSICION DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular a produción e xestión dos residuos de competencia municipal xerados no territorio abarcado polo Concello de Aranga.

2. Igualmente, a presente ordenanza redáctase co fin de conseguir, dentro do termo municipal do Concello, unha aplicación efectiva do réxime xurídico actualmente en vigor relativo á prevención, produción e xestión de tales residuos. Neste sentido, a efectiva aplicación desta ordenanza debe contribuír a que, xunto con outras actuacións que se desenvolvan ao efecto, o Concello avance no cumprimento dos obxectivos normativos establecidos con relación á xestión dos residuos da súa competencia.

3. Ademais, a aplicación efectiva do articulado da presente Ordenanza deberá contribuír á preservación dos valores do patrimonio natural do Concello de Aranga, concretados na declaración do concello como parte da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

4. No caso de que non se cumpran os obxectivos previstos, o Concello de Aranga poderá proceder á modificación das medidas establecidas na presente Ordenanza co fin de corrixir as desviacións detectadas, propoñendo novas actuacións ou reorientando as previstas.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

1. No relativo ao ámbito territorial, a presente ordenanza será de aplicación en todo o territorio abarcado polo Concello de Aranga. Neste sentido, todas as persoas físicas ou xurídicas que xeren residuos de competencia municipal neste ámbito territorial están obrigadas a cumprir a disposto na presente Ordenanza e nas normas que se diten para a súa interpretación ou desenvolvemento.

2. No relativo ao ámbito material, este refírese ao conxunto dos residuos cuxa xestión é competencia do Concello de Aranga, segundo o establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022.

3. Con relación a tales residuos, a presente ordenanza regula aspectos relativos á súa produción e xestión. Respecto da xestión, o servizo executado polo Concello de Aranga comprende as seguintes actuacións:

- a) Traslado das diferentes fraccións dos residuos e o seu baleirado nos vehículos de recollida.
- b) Devolución, se procede, dos elementos de contención, unha vez baleirados á súa localización orixinal.
- c) Retirada dos restos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións, ou que previamente estiveran depositados nos arredores dos contedores.
- d) Xestión intermedia ou final, segundo corresponda, dos residuos recollidos, con destino a planta de tratamento autorizada.
- e) Lavado e limpeza dos contedores de uso colectivo situados en vía pública.

Artigo 3.- Competencias

1. En aplicación do establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, corresponde ao Concello de Aranga, en tanto que entidade local, con carácter obrigatorio, en todo o seu ámbito territorial, a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos, definidos conforme á Lei 7/2022 así como á presente Ordenanza. En aplicación do anterior, este servizo será de recepción obrigatoria para todos os produtores, actuais e potenciais, de residuos domésticos e comerciais non perigosos do municipio.

2. Con relación aos residuos xerados polas industrias, en aplicación das competencias atribuídas pola Lei 7/2022, o Concello de Aranga unicamente admitirá a xestión a través da canle municipal dos residuos xerados nas industrias que sexan asimilables en natureza e cantidade aos residuos domésticos, e non teñan, dentro desta tipoloxía, a consideración de residuos suxeitos a recollidas especiais, debido ao seu volume, configuración ou composición.

3. Todos aqueles residuos que non sexan de competencia local, quedan expresamente excluídos da xestión municipal. De forma específica, quedan excluídos os residuos industriais non asimilables a domésticos e os residuos comerciais perigosos. En todo caso, para os produtores, posuidores e xestores de residuos municipais excluídos do sistema de xestión municipal será igualmente de aplicación o disposto, de forma xeral, na presente ordenanza.

4. Os produtores ou posuidores de residuos cuxa xestión queda fóra do marco de competencias do Concello, deberán xestionalos por si mesmos, atendendo ao disposto na normativa de residuos.

5. Corresponde ao Concello de Aranga a potestade de vixilancia e inspección do servizo de xestión de residuos municipais así como a potestade sancionadora no eido das competencias que exerza de acordo co establecido no correspondente apartado da presente Ordenanza.

6. O Concello de Aranga será competente para proceder á modificación das medidas establecidas na presente Ordenanza co fin de adaptar a prestación do servizo de xestión de residuos de competencia local en virtude de novos desenvolvementos normativos ou cambios na operativa do citado servizo.

Artigo 4.- Prestación do servizo

1. O Concello de Aranga poderá prestar o servizo de recollida, tratamento e eliminación dos residuos de competencia municipal en calquera das formas previstas na lexislación de réxime local.

2. En todo caso, o Concello de Aranga é titular do servizo que preste de forma indirecta, ostentando este servizo en todo momento a cualificación de servizo público municipal.

3. En situacións de emerxencia ou de forza maior nas que non sexa posible prestar o servizo de forma normal, e previa constatación, declaración e comunicación polo Concello, poderase alterar ou suspender temporalmente o servizo.

Artigo 5.- Atención aos valores do patrimonio natural

1. O territorio abarcado polo Concello de Aranga está integrado na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Con esta figura, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) recoñece o valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico e converte o territorio en áreas de exploración dos principios e as prácticas do desenvolvemento sostible.

2. Neste contexto, a regulación da produción e xestión de residuos de competencia local recollida na presente Ordenanza deberá contribuír tamén ao mantemento dos citados valores, especialmente no relativo á conservación e mellora dos ecosistemas.

3. A este respecto, o Concello de Aranga destinará os esforzos necesarios para dotar ás zonas dos espazos naturais con maior intensidade de paso dos suficientes elementos de contención de residuos.

4. Ademais, o Concello velará pola correcta aplicación do réxime sancionador previsto na normativa de residuos así como na presente Ordenanza, especialmente no relativo ás infraccións referidas ao abandono de residuos en espazos protexidos.

Artigo 6.- Réxime xurídico

1. O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta Ordenanza está constituído polo previsto nesta, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia e na normativa europea de aplicación directa. Neste sentido, as principais normas que se deben observar son:

- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- Real Decreto 553/2020, de 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros.
- Real Decreto 293/2018, de 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
- Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro).
- Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 710/2015, de 24 de xullo, o Real Decreto 943/2010, de 23 de xullo e o Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro).
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Artigo 7.- Definicións

1. De forma xeral, aos efectos do establecido nesta Ordenanza, serán de aplicación as definicións recollidas, entre outras, na relación de normativa indica no artigo 6 da presente Ordenanza.

2. De seguido recóllense as definicións daqueles termos que se consideran de maior relevancia para a correcta comprensión do articulado da presente Ordenanza: Residuo: calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar.

- a) Produtor de residuos: a efecto da presente ordenanza, calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial de residuos).
- b) Residuo doméstico: residuos perigosos Ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.
- Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, enseres e colchóns, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.
- c) Residuos comerciais: residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.
- d) Residuos industriais: residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal.
- e) Residuos voluminosos: aqueles residuos de competencia municipal que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria.
- f) Animais domésticos: calquera animal pertencente ás especies normalmente alimentadas e mantidas, pero non consumidas, polos seres humanos con fins distintos da gandería.
- g) Xestión de residuos: a recollida, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a clasificación e outras operacións previas; así como a vixilancia destas operacións e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros.
- h) Recollida separada: recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.
- i) Prevención: conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha substancia, material ou produto, para reducir: a) a cantidade de residuo, mesmo mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da vida útil dos produtos, b) os impactos adversos sobre o medio ambiente e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro no uso de materiais ou enerxía, ou c) o contido de substancias perigosas en materiais e produtos.

Artigo 8.- Posesión dos residuos

1. Os posuidores de residuos de competencia local entregaranos ao Concello para o seu reciclado, valoración ou eliminación nas condicións que se determinan nesta Ordenanza.
2. O Concello adquirirá a propiedade daqueles dende a entrega e os posuidores quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poidan causar tales residuos, sempre que na súa entrega se observaran as normas da presente Ordenanza e demais normativa aplicable.
3. En todo caso, prohíbese a manipulación, selección e/ou aproveitamento dos residuos de competencia local depositados polos produtores á espera de ser recollidos polos servizos correspondentes.

Artigo 9.- Responsabilidade

1. Os produtores de residuos que os entreguen para a súa eliminación a un terceiro non autorizado, serán responsables solidarios con este de calquera prexuízo que puidera derivarse de tal entrega e/ou eliminación. Así mesmo, responderán solidariamente das sancións que procedera impoñer.
2. Os danos que se produzan nos procesos de xestión de residuos de competencia local, como consecuencia de mala fe na entrega dos residuos ou de falta de comunicación de información ao Concello sobre as características dos produtos entregados, serán responsabilidade de quen efectuara dita entrega.

Artigo 10- Dereitos dos usuarios do servizo municipal de residuos

1. As persoas usuarias do servizo de xestión de residuos municipais teñen dereito, no ámbito desta Ordenanza, con carácter xeral e segundo se desenvolva en ordes e instrucións de servizo, a:
 - a) Recibir un servizo municipal de xestión de residuos executado conforme ao descrito na presente Ordenanza.
 - b) Recibir un servizo continuo e adaptado ás necesidades da poboación, que cumpra cos estándares de calidade establecidos na normativa vixente.

- c) Recibir un servizo accesible para todas as persoas residentes no municipio, independentemente da súa localización xeográfica, situación económica ou condición persoal.
- d) Recibir información clara, actualizada e accesible sobre as características, horarios e modalidades do servizo de xestión de residuos, así como sobre as obrigas que lles corresponden como xeradores de residuos.
- e) Recibir información e formación en materia de educación e sensibilización ambiental relacionados coa xestión axeitada dos residuos.
- f) Recibir un tratamento dos datos persoais que proporcionen en relación co servizo de xestión de residuos, en liña coa normativa vixente en materia de protección de datos, de forma que se lle garanta a súa confidencia e o uso exclusivo para os fins relacionados coa prestación do servizo.
- g) Acceder á consulta da correspondente ordenanza fiscal na que se regula a taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais.
- h) Participar, de xeito individual ou colectivo, nos procesos de consulta e toma de decisións relacionados coa mellora do servizo. Este dereito inclúe a posibilidade de presentar suxestións, queixas ou reclamacións respecto ao funcionamento do servizo.
- i) Recibir respostas fundamentadas ás súas peticións.
- j) Gozar dun entorno urbano e rural limpo e libre de residuos, en liña cos principios de protección ambiental e saúde pública.

Artigo 11.- Obrigas dos usuarios do servizo municipal de xestión de residuos

1. Os produtores de residuos de competencia local que sexan usuarios do servizo de recollida municipal están obrigados a:

- a) Recibir o servizo de xestión de residuos municipais conforme ao establecido na presente ordenanza.
- b) Reducir o volume dos residuos e poñelos a disposición do servizo de recollida de tal forma que se aproveite a capacidade dos medios de recollida.
- c) Separar correcta e separadamente os residuos en orixe de acordo ás fraccións establecidas na presente Ordenanza, evitando, en todo caso, a mestura de residuos perigosos e non perigosos.
- d) Cumprir coas condicións específicas de cada modalidade de recollida, especialmente no relativo aos horarios de depósito e entrega de residuos e ás condicións nas que deben presentarse os residuos.
- e) Prestar a cooperación necesaria, segundo as instrucións municipais, aos programas de recollida selectiva promovidos dende o Concello de Aranga.
- f) Ante a presenza dun contedor cheo, absterse de efectuar os depósitos de residuos nese contedor concreto ou na vía pública, debéndose en tal caso levar a outros contedores da fracción correspondente.
- g) Absterse de abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuos.
- h) Absterse de depositar residuos naquelas situacións de emerxencia ou forza maior comunicadas polo Concello que obriguen a suspender o servizo de recollida.
- i) Abonar a correspondente taxa municipal relativa á prestación do servizo de xestión de residuos municipais.

2. No caso de residuos domésticos que, polas súas características especiais, presenten dificultades de xestión ou poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, o Concello de Aranga poderá obrigar aos posuidores de tales residuos a adoptar algunhas das seguintes medidas:

- a) Que eliminen ou reduzan ditas características,
- b) Que os depositen na forma e lugar que se especifique dende o Concello.
- c) Que soliciten a recollida do residuo de forma expresa ao concello, en réxime de recollida especial, baixo demanda.
- d) Que realicen por si mesmos a xestión do residuo, mediante a entrega a un xestor autorizado ou a un recollidor rexistrado.

3. De forma específica para os residuos vexetais, para a súa queima, deberá contarse coa correspondente autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 12.- Obrigas dos produtores de residuos comerciais non perigosos que opten pola xestión externa dos seus residuos

1. Os produtores de residuos comerciais non perigosos que xestionen por si mesmos todos ou parte dos seus residuos, deberán cumprir coas obrigas de información sinaladas no artigo 20.3 da Lei 7/2022 e no artigo 26.4 da Lei 6/2021.

2. Estes produtores deberán facilitar ao Concello de Aranga para que este, no marco das súas competencias, execute os labores de inspección oportunos.

3. En todo caso, os produtores de residuos comerciais non perigosos quedan obrigados a cumprir todo aquilo que lles sexa de aplicación do establecido na presente Ordenanza, especialmente no relativo á obriga de separación en orixe.

Artigo 13.- Obrigas do servizo municipal de xestión de residuos

Con carácter non exhaustivo, e no ámbito regulado pola presente Ordenanza, de seguido preséntanse as obrigas do Concello de Aranga con relación á xestión dos residuos de competencia local:

- a) Prestar o servizo público de xestión de residuos municipais, nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa xeral e sectorial aplicable.
- b) Tomar as medidas adecuadas para que o servizo de xestión de residuos municipais implantado no concello responda en todo momento ás esixencias normativas en vigor
- c) Prestar o citado servizo de forma eficiente, tanto a nivel operativo como económico e ambiental, buscando ofrecer un servizo de calidade.
- d) Dotarse dos medios humanos e materiais necesarios para asegurar a prestación do servizo nos termos de eficiencia operativa, económica e ambiental aos que se refire o punto anterior. Igualmente, dita dotación de medios debe permitir a eficaz execución dos labores de vixilancia, inspección e control da xestión dos residuos municipais.
- e) Manter os medios materiais postos a disposición do servizo, en correcto estado de limpeza e mantemento.
- f) Realizar campañas informativas e de sensibilización sobre unha xestión dos residuos municipais respectuosa co medio ambiente e coa saúde humana. Ditas campañas incluírán, en todo caso, a difusión de información relativa ás condicións nas que se presta o servizo e sobre novas ordes ou instrucións que se aproben ao respecto do servizo.
- g) Informar ás persoas usuarias do servizo das decisións adoptadas polo Concello e que teñan repercusión sobre a operativa do citado servizo.
- h) Responder de xeito motivado ás queixas, suxestións e peticións que fagan as persoas produtoras/posuidoras de residuos e os cidadáns en xeral.

Artigo 14.- Protección de datos persoais

1. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais recollidos no marco desta ordenanza utilizaranse exclusivamente para as finalidades específicas da xestión e control dos residuos.

2. A recollida de datos persoais, tanto de forma directa ou indirecta, realizada polo Concello de Aranga en virtude do despregamento de servizos actuais e/ou futuros, será sempre comunicada ás persoas usuarias de tales servizos. Igualmente, no caso de que os datos recollidos sexan cedidos a terceiros, o Concello de Aranga seguirá actuando como responsable e velará porque o seu tratamento se realice de acordo coa normativa de protección de datos de carácter persoal en vigor.

3. Os datos serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Aranga, que garantirá a súa confidencialidade, seguridade e o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade, de acordo coa lexislación vixente.

4. A recollida e tratamento de datos realizaranse respectando os principios de minimización e proporcionalidade, asegurando que só se recollan os datos estritamente necesarios para a prestación do servizo de xestión de residuos.

5. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de protección de datos dirixíndose á persoa Delegada de Protección de Datos designada polo Concello nos termos previstos na normativa vixente.

TÍTULO II.- XESTIÓN DOS RESIDUOS

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 15- Modalidades de servizo

1. No momento da aprobación da presente ordenanza reguladora, o servizo xeral de xestión de residuos municipais que presta de forma regular o Concello de Aranga contempla a recollida convencional de residuos, en contedor de uso colectivo situado na vía pública, e unha serie de servizos de recollida extraordinaria.

2. No relativo á recollida separada en contedor de uso colectivo en vía pública, no momento da aprobación da presente Ordenanza, recóllense mediante esta modalidade: a fracción resto, os envases lixeiros, o papel-cartón, os envases de vidro e os residuos téxtiles.

3. No relativo aos servizos de recollida extraordinaria, estes son: o servizo de compostaxe doméstica, a recollida de voluminosos baixo demanda, a recollida de residuos xerados en eventos públicos, a xestión de animais domésticos mortos e a retirada de vehículos abandonados.

4. Prevese a posibilidade de que a relación de modalidades de servizo que se vén de indicar e/ou os fluxos de residuos recollidos baixo cada unha delas, poida sufrir modificación en virtude de novos desenvolvementos normativos, da aparición de novas posibilidades técnicas ou do interese municipal motivado.

5. De xeito específico, a citada relación de opcións de recollida separada será revisada con motivo da autorización e entrada en funcionamento de novos Sistemas de

Responsabilidade Ampliada do Produtor. Neste sentido, estarase ao disposto nos convenios que se establezan cos citados sistemas, especialmente no relativo aos obxectivos normativos que se deben acadar, a posibles novas modalidades de recollida que se deban implantar e á dotación de medios necesarios para tal fin.

Artigo 16.- Regulacións comúns a todas as modalidades de servizo

1. As persoas usuarias do sistema municipal de xestión de residuos quedan obrigadas a separar os residuos xerados no lugar de produción de acordo coas fraccións recollidas ou xestionadas de forma separada no Concello de Aranga, en cada momento.

2. A achega dos residuos nos puntos que se habiliten ao efecto deberá realizarse respectando os requisitos de horario e forma de disposición dos residuos así como de pureza dos materiais entregados que figuran na presente Ordenanza ou que se establezan en futuros desenvolvementos.

3. Os servizos municipais do Concello de Aranga farán pública a programación prevista de días, horario e medios para a prestación do servizo de recollida. Sobre esta, o Concello poderá introducir as modificacións que, por motivos de interese público, teña por convenientes. Os cambios que se produzan neste sentido, serán divulgados aos usuarios con suficiente antelación. Constitúen unha excepción as disposicións ditadas pola Alcaldía en situacións de emerxencia, caso fortuíto ou forza maior.

4. No caso das recollidas en contedor, só se admitirá a achega de residuos da fracción que corresponda a cada tipo de contedor.

5. Os comportamentos de achega de residuos aos puntos de recollida incumprindo as normas establecidas na presente Ordenanza serán susceptibles de sanción.

Artigo 17.- Estrutura xeral de segregación de residuos

1. De seguido, indícase unha relación non exhaustiva dos residuos actualmente admitidos en cada unha das fraccións recollidas ou xestionadas de forma separada no Concello de Aranga no momento da aprobación da presente Ordenanza reguladora:

- a) Biorresiduos: restos de alimentos, tanto de orixe vexetal como animal, e restos vexetais. Entre os primeiros inclúense expresamente os pousos de café e té e bolsas de infusións. Pola súa banda, dentro dos restos vexetais diferéncianse, a efectos de xestión, os restos vexetais de pequeno tamaño, como serían as plantas mortas, as follas ou flores secas, e os restos vexetais de gran tamaño, nos que quedan englobados os restos de poda de árbores ou arbustos.
- b) Envases lixeiros: latas de aceiro ou aluminio, bandexas e envoltorios de envasado de alimentos de aluminio e plástico (filme), tapas, tapóns, chapas, bricks, botellas de plásticos, envases de plástico ou metálicos para produtos lácteos, caixas de ovos de plástico, botes de plástico de produtos de hixiene persoal (cremas, xel de baño, pasta de dentes) e de limpeza doméstica (deterxentes, lixivia, suavizantes) e bolsas de plástico. En todo caso, tratarase de envases baleiros.
- c) Papel-cartón: caixas e envases de cartón, papel de envolver, revista e xornais, libros, cadernos, cadernos, folios, cartafolios, cartolinas e bolsas de papel.
- d) Envases de vidro: botes e botellas de vidro de calquera cor, tarros de cosmética e perfumería, frascos de conservas e artigos de vidro, agás espellos e vidro plano.
- e) Aceite de cociña usado: graxas de orixe animal ou vexetal (aceites de oliva, de sementes de xirasol e outras, etc.) empregados no cociñado de alimentos. Atendendo a esta definición, os aceites minerais lubricantes como o aceite para coche quedarían excluídos.
- f) Residuos téxtiles: calquera peza de roupa e téxtil de fogar que a persoa posuidora queira ou teña que desbotar, tales como: camisas, pantalóns, vestidos, roupa de cama, cortinas, manteis, toallas, bolsos, cintos, luvas, calzado, e restos de tea e tecidos.

g) Residuos domésticos especiais: inclúense nesta categoría os residuos xerados nos fogares que, polo seu tamaño ou características especiais, non poden ser postos a disposición do servizo de recollida nos medios de recollida convencionais, polo que deben ser entregados no punto limpo ou recollidos baixo demanda. Exemplos destes residuos son: colchóns, mobles e electrodomésticos en xeral, entre outros.

h) Fracción resto: inclúense nesta fracción aqueles tipos de residuos que non dispoñen de ningunha recollida selectiva, baixo ningunha modalidade das contempladas na presente Ordenanza. Exemplos destes residuos son: residuos téxtiles sanitarios, papel manchado de graxa, bolígrafos, rotuladores, cepillos de dentes ou xoguets non electrónicos e sen pilas, entre outros.

CAPÍTULO II.- REGULACIÓN DOS SERVIZOS CONVENCIONAIS E EXTRAORDINARIOS DE RECOLLIDA E XESTIÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL

Artigo 18.- Regulacións específicas da recollida convencional en contedor de uso colectivo en vía pública

1. A localización dos contedores que se instalen na vía pública será determinada polos servizos técnicos municipais, atendendo a factores técnicos.

2. Queda prohibido, baixo posibilidade de aplicación do réxime sancionador previsto na presente Ordenanza, o traslado dos contedores fóra das localizacións previstas polo Concello.

3. En ningún caso poderán depositarse residuos na vía pública, incluídas as zonas próximas aos contedores, aínda que estes se atopen cheos ou presenten algún tipo de dano que impidan a súa utilización. Na mesma liña, tampouco poderán abandonarse residuos no medio natural co fin de preservar os valores que conduciron á inclusión do territorio na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

4. Prevese a posibilidade de que os contedores que o Concello de Aranga dispoña na vía pública para o depósito das diferentes fraccións, sexan de tipo pechado, requirindo o emprego dalgún medio de apertura que pode levar asociado ou non un sistema de identificación da persoa usuaria. Neste caso, será de aplicación o disposto na presente ordenanza con relación á protección de datos de carácter persoal.

5. No relativo á forma de disposición dos residuos, nos contedores para fracción resto e envases lixeiros, os residuos admitidos depositaranse en bolsas pechadas. No caso dos envases lixeiros, estes deberán ser pregados en orixe co fin de reducir o seu volume. Pola súa banda, nos contedores de papel-cartón e vidro, os residuos admitidos depositaranse sen bolsa. Unha vez utilizado o contedor, o usuario deberá asegurarse de que a tapa queda pechada. No caso dos residuos téxtiles, estes deben depositarse en bolsa pechada no correspondente contedor.

6. As formas de disposición de residuos indicadas no punto anterior poderán ser modificadas polos servizos municipais en virtude, entre outras, das necesidades que lle trasladen os xestores ou os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, para cada tipoloxía de residuos.

Artigo 19.- Regulacións específicas da xestión de biorresiduos mediante compostaxe doméstica

1. No momento da aprobación da presente ordenanza, a xestión de biorresiduos de orixe doméstica mediante compostaxe doméstica é unha opción de adopción voluntaria por parte da poboación residente no municipio.

2. Esta opción de xestión in situ de biorresiduos de competencia local, diríxese a aquelas persoas que residen nunha vivenda situada dentro do termo municipal de Aranga e que dispoñen dun espazo verde suficiente para a instalación dun composteiro individual.

3. Aquelas persoas que residan nunha vivenda que cumpra coas características anteriores poderán solicitar o composteiro ante os servizos municipais a través dos procedementos que se definan ao efecto. Se, no momento da solicitude, non existisen composteiros dispoñibles, prevese a posibilidade de conformar unha lista de agarda.

4. En todo caso, as persoas que participen no programa municipal de compostaxe doméstica, sexa de forma voluntaria ou obrigatoria, quedan obrigadas a instalar o composteiro na vivenda indicada no momento da solicitude e a facer un uso del conforme ás instrucións recibidas por parte dos servizos municipais.

5.- Igualmente, estas persoas deberán permitir o acceso ao composteiro do persoal técnico que o concello de Aranga desine para realizar labores de seguimento de composteiros entregados.

6.- A entrega do composteiro á persoa solicitante farase en réxime de cesión gratuita de forma que o concello de Aranga reservase o dereito a solicitar a devolución dos materiais cedidos, caso de detectarse un uso non adecuado destes.

Artigo 20.- Regulacións Xerais relativas a outras modalidades de recollida convencional que poidan implantarse

1. Como indicado, no momento da aprobación da presente ordenanza, o modelo de recollida convencional de residuos municipais en funcionamento no Concello de Aranga, pivota sobre o uso de contedores de uso colectivo, situados en vía pública.

2. Porén, prevese a posibilidade de que os servizos municipais do Concello poidan implantar outras modalidades de recollida convencional, tanto para atender ás necesidades dos produtores domésticos como dos non domésticos, en virtude da eficiencia e eficacia do servizo.

3. En tal caso, os servizos municipais desenvolverán instrucións específicas e informarán aos usuarios implicados da operativa do correspondente modelo, especialmente no relativo á forma e horario de depósito dos residuos. Ademais, no caso de que o modelo contemple o uso de medios de depósito de residuos exclusivos para cada usuario, os mesmos servizos determinarán o número de medios que corresponde a cada un, en base a acadar os indicadores de eficiencia técnica, económica e ambiental que se definan.

4. Cando corresponda, o Concello, ou no seu caso a empresa concesionaria do servizo, previa autorización do Concello, procederá á limpeza ou renovación destes medios, por deterioro ou outra razón, e imputaráselle o cargo correspondente ao usuario.

5. No caso da implantación de modelos de recollida ou xestión de residuos municipais que leven aparelado o rexistro de datos de carácter persoal, será de aplicación o disposto na presente Ordenanza así como na normativa en vigor, con relación á protección de datos de carácter persoal.

Artigo 21.- Punto limpo

1. Para os efectos da presente Ordenanza enténdese por punto limpo a instalación pechada e controlada, de titularidade municipal, debidamente autorizada para ser destinada á recollida selectiva de residuos de competencia local que non son obxecto de recollida convencional e na que a persoa usuaria deposita os residuos separados para facilitar a súa xestión posterior de acordo coa xerarquía de residuos.

2. No momento da aprobación da presente Ordenanza, o Concello de Aranga non dispón de punto limpo dentro dos límites municipais polo que este servizo se presta a través do Convenio establecido co Concello de Curtis para a veciñanza de Aranga poida facer uso da instalación existente no concello veciño.

3. Dada esta circunstancia, para o depósito de residuos no punto limpo estarase ao disposto no citado Convenio en vigor en cada momento.

Artigo 22. Punto limpo móbil

1. O servizo cuberto pola instalación do punto limpo fixo poderá ser complementado coa posta a disposición dos usuarios do servizo de punto limpo móbil.

2. Os equipamentos cos que o Concello de Aranga decida executar o servizo de punto limpo móbil serán trasladados a diferentes localizacións do municipio co fin de que os usuarios trasladen ata el diferentes tipoloxías de residuos non admitidos na recollida convencional, como poden ser os pequenos perigosos do fogar.

3. A relación de tipos de residuos admitidas para recollida a través deste servizo serán establecidas polo Concello de Aranga e comunicadas aos usuarios do servizo a través das vías de información municipal habitual.

4. Os usuarios deste servizo quedan obrigados a realizar a segregación en orixe dos residuos, de acordo coas tipoloxías de residuos admitidos que se establezan.

5. En cumprimento do réxime de infracción previsto nesta Ordenanza e na Lei 7/2022, prohíbese, de forma expresa, o abandono de residuos ao pé do punto limpo móbil ou na contorna na que este estea situado, baixo posibilidade de sanción.

Artigo 23.- Recollida extraordinaria de voluminosos

1. O Concello de Aranga admite a entrega para recollida baixo demanda dos residuos voluminosos xerados nas vivendas que se atopan dentro do territorio do municipio.

2. A efectos desta Ordenanza, enténdese por residuo voluminoso aquel residuo doméstico de gran tamaño que, debido ás súas dimensións, poden interferir na xestión ordinaria dos residuos domésticos. Quedan englobados baixo esta designación os residuos de mobles e aveños.

3. Nesta modalidade de recollida, a retirada do residuo realizarase de forma mensual.

4. Para facer uso deste servizo, os usuarios deberán colocar o residuo para recollida ao lado do contedor de uso colectivo, situado en vía pública, situado máis preto da vivenda, a terceira semana de cada mes.

5. O funcionamento indicado no presente artigo para esta recollida poderá ser modificado polo Concello de Aranga. En tal caso, a nova operativa será comunicada aos usuarios do servizo a través das vías de comunicación municipal habitual.

6. A colocación de residuos voluminosos para recollida incumprindo a regulación específica para este servizo, poderá ser obxecto de sanción, de acordo co previsto na presente Ordenanza así como na Lei 7/2022.

Artigo 24. Xeración e recollida de residuos en eventos públicos

1. As persoas ou entidades responsables da organización de eventos públicos, sexan estes deportivos, culturais, relixiosos ou de calquera outro tipo, deberá formalizar ante o Concello de Aranga a solicitude dos medios de recollida necesarios para garantir a recollida separada dos residuos xerados, de acordo co esquema de segregación implantado no Concello en cada momento.

2. As citadas persoas quedan obrigadas a velar polo axeitado uso dos medios de recollida cedidos garantindo que estes sexan devoltos ao Concello, trala finalización do evento, en condicións de limpeza e usabilidade equivalente ás que presentaban no momento da entrega.

3. Igualmente, estas persoas deberán velar porque non se produzan vertidos de residuos durante a celebración do evento así como tampouco durante os labores de montaxe e desmontaxe das infraestruturas asociadas a aquel.

4. En aplicación do establecido na Lei 6/2021, na organización de eventos públicos de carácter puntual que, a xuízo do Concello de Aranga, impliquen a concentración dun elevado número de persoas, resultará obrigatorio elaborar un plan para a prevención e adecuada xestión dos residuos que se xeren durante a celebración do evento.

5. O contido deste plan responderá ao contido mínimo esixido no artigo 41 da Lei 6/2021.

6. O Concello de Aranga prevé a posibilidade de que a presentación do devandito plan poida ser esixida para as comunicacións ou outorgamento das licenzas e permisos ou outros instrumentos de intervención administrativa municipal que, de conformidade coa normativa aplicable, resulten exixibles para a celebración do evento.

Artigo 25.- Xestión de animais domésticos mortos

1. A efectos desta Ordenanza será de aplicación a definición de animal doméstico recollida na Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais e a Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal. Así, entenderase por animal doméstico aquel animal de compañía, pertencente a unha especie que críe e posúa habitualmente o ser humano, co fin de vivir no eido doméstico do fogar, así como co fin de acompañamento, condución e axuda a persoas cegas ou con deficiencia visual grave ou severa.

2. De forma xeral, o Concello de Aranga prohibe expresamente, baixo posibilidade de sanción, o abandono de animais domésticos mortos na vía pública, solares e/ou calquera terreo de carácter público ou privado.

3.-As persoas posuidoras do cadáver dun animal doméstico no Concello de Aranga poderán:

- a) Entregar o cadáver a un xestor autorizado ou a un transportista autorizado que garanta a entrega a xestor final autorizado.
- b) Solicitar a recollida por parte dos servizos municipais, que se encargarán da súa entrega a xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

4. Para os cadáveres dos animais recollidos polo Concello na vía pública e non reclamados que dispoñan de chip identificativo, o Concello poderá imputar os custes de recollida e eliminación á persoa que figure como propietaria do animal.

5. En ningún caso se admitirá a xestión a través deste servizo municipal daqueles cadáveres de animais para os que exista normativa específica para a súa xestión ou cando, polas súas características, grao de descomposición, epizootia, tamaño ou outras particularidades non sexa posible a súa xestión municipal. Sobre o anterior, exclúense expresamente os cadáveres ou restos de animais mortos de explotación gandeira, que deberán ser xestionados conforme á normativa autonómica sectorial correspondente.

6. O Concello de Aranga prevé a posibilidade de prestar o servizo de recollida de animais domésticos mortos ben con medios propios, ben a través de empresas colaboradoras.

Artigo 26.- Retirada de vehículos abandonados

1. No relativo aos vehículos abandonados, de forma xeral, en cumprimento da lexislación sectorial de aplicación, unha vez un vehículo chega ao final da súa vida útil, o seu propietario queda obrigado a entregalo a un centro autorizado para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil (CAT) ou instalación de recepción.

2. A efectos do establecido nesta Ordenanza presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico, de acordo coa Lei 7/2022 e o Real Decreto 265/2021, nos seguintes casos:

- a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou careza de placas de matriculación ou estas sexan ilegibles.
- b) Cando se atope en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

c) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo foi depositado no depósito municipal despois da súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

3. As persoas propietarias de vehículos abandonados que, conforme ao indicado no punto anterior, adquiran a condición de residuo doméstico, deberán sufragar os custos derivados das actividades de limpeza da vía pública do lugar no que permanecía estacionado e da recollida e traslado ao depósito municipal, con independencia das sancións que se apliquen e consonte se estableza na correspondente ordenanza fiscal.

TÍTULO III. VIXILANCIA, INSPECCIÓN, CONTROL E POTESTADE SANCIONADORA

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE O PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 27.- Vixilancia e inspección

1. O deber de vixilancia e inspección do disposto na presente Ordenanza corresponde ao persoal dos servizos municipais que teña atribuídas tales funcións.

2. O citado persoal, no exercicio das súas funcións, terá a condición de axente da autoridade, estando facultado para acceder ás instalacións nas que se desenvolvan actividades xeradoras de residuos de competencia local co obxecto de inspeccionar o contido dos medios de recollida de tales residuos existentes.

3. Este persoal estará facultado para inspeccionar os residuos abandonados co fin de identificar ao seu produtor e recompilar probas para iniciar o correspondente procedemento sancionador que se derive da comisión de tal infracción.

Artigo 28.- Responsabilidade

1. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se sexa propietario.

2. Tratándose de persoas xurídicas, comunidades de bens, comunidades de veciños ou calquera outro tipo de asociación, teña ou non personalidade xurídica, a responsabilidade será atribuída a estas ou á persoa que legalmente as represente e, para este efecto, as denuncias formularanse contra esta ou, no seu caso, contra a persoa que ostente a súa presentación.

3. Cando non sexa posible determinar o grao de participación das persoas, físicas ou xurídicas, que interviñeran na realización da infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo das accións contra dos demais participantes por aqueles que fixesen fronte á responsabilidade común.

Artigo 29.- Deber de colaboración

1. As persoas que produzan, posúan ou xestionen residuos e as responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente Ordenanza deberán colaborar co persoal que exerza as funcións de inspección, de acordo coa normativa vixente.

Artigo 30.- Execución subsidiaria

1. Sen prexuízo da potestade sancionadora establecida neste Título, no caso de incumprimento polos obrigados dos deberes que lles impón a presente Ordenanza, tras requirimento para o efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polo Concello, por conta dos responsables e á marxe das indemnizacións ás que houbese lugar.

2. Non será necesario requirimento previo, e poderá procederse de modo inmediato á execución cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a saúde humana, os recursos naturais ou o medio ambiente.

Artigo 31.- Obriga de reposición

1. As persoas que comentan infracción estarán obrigadas á reposición ou restauración dos danos producidos que poderá comprender, entre outros, a retirada de residuos, ou a súa xestión, a limpeza da zona afectada, e, en xeral, a execución de cantos traballos sexan precisos para repoñer a situación ao estado previo á comisión da infracción, na forma e condicións fixadas polo órgano que impulsou a sanción .

2. A persoa responsable das infraccións deberá indemnizar os danos e perdas causadas, sen revestir esta indemnización carácter sancionador e sendo, pois, compatible coa sanción.

Artigo 32.- Multas coercitivas

1. Nos casos das infraccións, que se corresponden coas tipificadas na Lei 7/2022 como moi graves ou graves, sen prexuízo da sanción que se poida impoñer, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 7/2022.

2. A contía de cada unha destas multas non poderá superar, no seu caso, un terzo da multa fixada por infracción cometida.

CAPÍTULO II.- RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 33.- Infraccións

1. As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza e a normativa ou actuacións derivadas dela clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. De forma xeral, para as infraccións relacionadas coa xestión dos residuos de competencia municipal e a entrega dos residuos incumprindo as disposicións desta ordenanza, estarase ao disposto na Lei 7/2022.
3. Sen prexuízo do anterior, aos efectos desta ordenanza terán a consideración de infracción leve:
 - a) A entrega de residuos domésticos e comerciais non perigosos contravindo o establecido na presente ordenanza con relación aos horarios de depósito e ás obrigas de información ao Concello por parte das actividades comerciais que opten pola vía de xestión externa dos seus residuos.
 - b) O depósito nos medios de recollida convencionais de residuos de construción e demolición, mesmo os procedentes de obras menores domiciliarias.
 - c) O depósito, nos medios de recollida, de cantidades de residuos que excedan a xeración doméstica tipo.
 - d) O depósito de residuos fóra dos contedores ou dos puntos de recollida habilitados ao efecto.
 - e) Manipular contedores, desprazalos das súas localización orixinais ou manipular o seu contido.
 - f) Infrinxir as normas relativos ao uso do punto limpo municipal.
 - g) O incumprimento, activo ou pasivo, dos preceptos desta Ordenanza que non constitúan falta grave o moi grave.
4. Pola súa banda, aos efectos desta Ordenanza, terán a consideración de infracción grave as seguintes:
 - a) O deterioro dos medios ou puntos de recollida de residuos con pintura ou outros produtos que non comprometan a viabilidade do uso de tales medios para o fin para o que foron concibidos.
 - b) O depósito nos medios de recollida convencionais de residuos industriais non asimilables a domésticos ou de residuos que, polas súas características, deban ser entregados no punto limpo ou entregados ao servizo de recollida baixo demanda.
 - c) A reincidencia en faltas leves.
 - d) O incumprimento, activo ou pasivo, das prescricións desta Ordenanza cando pola súa entidade comporte unha afección grave á saúde das persoas ou provoque dano ou deterioro grave do medio.
5. Pola súa banda, aos efectos desta Ordenanza, terán a consideración de infracción moi grave as seguintes:
 - a) O roubo ou deterioro dos medios ou puntos de recollida de residuos de forma que quede comprometida a viabilidade do uso de tales medios para o fin para o que foron concibidos.
 - b) A reincidencia en faltas graves.
 - c) O incumprimento, activo ou pasivo, das prescricións desta Ordenanza cando pola súa entidade comporte unha afección grave á saúde das persoas ou provoque dano ou deterioro moi grave do medio.
6. A efectos da presente ordenanza, enténdese por reincidencia na comisión de infraccións a comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.

Artigo 34.- Sancións

1. As infraccións serán sancionadas conforme se determina na presente Ordenanza, pola Alcaldía, dentro dos límites que a lexislación aplicable autoriza, e sen prexuízo das responsabilidade penais e civís a que houbera lugar, no seu caso.
2. A imposición das sancións que correspondan por incumprimento de esta Ordenanza, non exime á persoa infractora ou aos seus representantes legais da obriga de reparar os danos e prexuízos causados.
3. Con carácter xeral, para as infraccións relacionadas coa xestión dos residuos de competencia municipal e a entrega dos residuos incumprindo as disposicións desta Ordenanza, atenderase ao disposto na Lei 7/2022.
4. Naqueles supostos non cubertos pola Lei 7/2022, atenderase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Artigo 35.- Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións prescribirán nos seguintes prazos:
 - a) Infraccións leves: cando se trate de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, ao ano. No resto dos casos, estarase ao disposto para as infraccións leves na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

- b) Infraccións graves: cando se trate de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, aos tres anos. No resto dos casos, estarase ao disposto para as infraccións graves na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- c) Infraccións moi graves: cando se trate de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, aos cinco anos. No resto dos casos, estarase ao disposto para as infraccións moi graves na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

2. No relativo ás sancións impostas, estas prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As impostas por infraccións leves: ao ano.
- b) As impostas por infraccións graves: cando se trate de sancións impostas por infraccións tipificadas na Lei 7/2022, aos tres anos. No resto dos casos, estarase ao disposto para as infraccións leves na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- c) As impostas por infraccións moi graves: cando se trate de sancións impostas por infraccións tipificadas na Lei 7/2022, aos cinco anos. No resto dos casos, estarase ao disposto para as infraccións leves na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 36.- Responsabilidade

1. A efectos do réxime sancionador establecido na presente Ordenanza, os produtores de residuos de competencia local quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poidan derivase de tales residuos, sempre que os entregasen ao Concello de Aranga, observando o establecido na presente Ordenanza.

2. Igualmente, quedarán exentos de tal responsabilidade os produtores ou posuidores de residuos que os entregasen a un xestor autorizado, observando o establecido na Lei 7/2022.

3. A responsabilidade na comisión de infraccións será solidaria nos seguintes supostos:

- a) Cando o produtor ou o posuidor de residuos o entregue a un xestor non autorizado.
- b) Cando sexan varios os responsable e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un na realización da infracción.

4. A responsabilidade do incumprimento das obrigas sinaladas nesta Ordenanza serán esixibles polos propios actos e polos daquelas persoas de quen se deba responder.

CAPÍTULO III.-PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 37.- Normativa aplicable ao procedemento

1. O procedemento sancionador iniciárase sempre de oficio, por providencia da Alcaldía ou da persoa ou órgano en quen delegue, ben por iniciativa propia ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia, e axustarase ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 38.- Competencia e procedemento sancionador

1. É órgano competente para a imposición das sancións a persoa que ostente o cargo de Alcalde/sa-Presidente/a da Corporación, ou concelleiro/a ou órgano en quen delegue, salvo que resulte de aplicación normativa sectorial específica que reserve, pola cualificación da infracción, a devandita competencia a outro órgano da Comunidade Autónoma. Así, en materia de residuos municipais deberase estar ao previsto na lei de residuos estatal e autonómica.

2. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades con relación ao disposto nesta esta Ordenanza executarase de conformidade co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015.

Artigo 39.- Execución forzosa das sancións

1. Tanto o importe das multas pecuniarias coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento.

2. No caso de se acordar a suspensión da multa ou as responsabilidades, a persoa interesada estará obrigada a garantir o seu importe para que sexa efectiva a suspensión.

3. Os órganos sancionadores poderán impoñer multas coercitivas cando transcorran os prazos sinalados no requirimento correspondente segundo o disposto na normativa de procedemento sancionador, sen que a contía de cada unha delas poida superar o 20 % da multa fixada para a infracción cometida.

DISPOSICION DEROGATORIA

1. A presente Ordenanza derroga a ORDENANZA FISCAL N° 6, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS naqueles aspectos que proceda.

DISPOSICIÓN FINAL

1. A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente e publicada na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

Aranga, a 18 de decembro de 2025

O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez

2025/8484